

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE ABRIL DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1674/2009.- Sutecno, S. L.- Legalización das modificacións efectuadas na nave executada no Polígono de Boisaca – SUNP 34 – Parcela B33.

Lic/754/2008.- Begoña Sanjurjo Vázquez.- Vivenda unifamiliar no lugar de Barciela – Cesar.

RECURSO DE REPOSICION.-

Lic/2929/2004.- Rehabilitación e ampliación e apertura dunha actividade hoteleira de catro estrelas. (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

799/10.- Manuel Parafita Suárez.- Expte. Lic/807/1999 3.461,83 €.-

790/10.- Inversiones Graña, S. L.- Expte. Lic/1324/2006 6.000 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2272/2009.- PARADORES DE TURISMO DE ESPAÑA SA.- Colocación de placa no Hostal dos Reis Católicos na praza do Obradoiro, nº 1

DISCIPLINA

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

DIS/895/2000.- JOSCON CONSTRUCCIONES SL.- devolución da fianza de 601€ depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa San Miguel dos Agros nº 9.

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 8.812 euros.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á rectificación de erro no acordo de data 16.03.2010.

Rectifícase o erro no sentido de que serán 26 e non 29 o número de candidatos a contratar seleccionados pola Comisión de Selección da acción “Obras e Emprego”.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do convenio patrimonial entre o Concello e EMUVISSA.

Apróbase o devandito convenio polo que o Concello cede a título gratuito a Emuvissa o 10,95% da parcela UER-1 do SUNP-5 MUÍÑA e Emuvissa cede a título gratuito ao Concello as parcelas M4 e M8 do Plan Parcial do SUNP 22 CASTRO DE ABAIXO.

8.- Aprobación da revisión do prezo do contrato de seguro de asistencia sanitaria de xaneiro a marzo 2010.

Actualízase a revisión do prezo desde o 1 de xaneiro ata o 31 de marzo, por importe de 4.360,20 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adxudicación provisional do contrato de actualización de cartografía.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa TRACASA por importe de 59.000 euros.

12.- Adxudicación provisional do servizo de mantemento, reparación e conservación de instalacións de calefacción nas dependencias do Concello.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia a José María García Quintela por importe de 42.000 euros.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos gastos de mantemento das instalacións deportivas.

Apróbase unha proposta de gasto por importe de 18.000 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á prórroga e revisión do prezo do contrato de prestación do servizo de limpeza, conservación e control das instalacións dos centros de educación infantil e primaria do Concello.

Acórdase a prórroga, desde o 1 de xuño de 2010 ata o 31 de maio de 2011, e a revisión do prezo do contrato de referencia, que queda fixado en 1.007.644 euros.

15.- Aprobación da revisión do prezo do contrato para a xestión do servizo público das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.

Apróbase a revisión do prezo do contrato de acordo coa variación do IPC (1.021,56 euros).

16.- Aprobación das prórrogas tácitas dos contratos de diversos alugueiros de locais.

Apróbase a prórroga dos contratos de aluguer sitios na rúa Galeras, 7 lcoal 2 (664,24 euros/mes); rúa Galeras, 7, local 3 (581,74 euros/mes); rúa Torreira 18 (415,34) e rúa Camiño dos Vilares, 1 (272,48 euros).

17.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución dunha reclamación contra a asignación de complemento de produtividade ao persoal municipal correspondente ao 2º semestre de 2009.

Estímanse catro reclamacións e rexéitase unha.

18.- Aboamento dun incentivo por xubilación.

Apróbase o devandito aboamento.

19.- Aprobación das bases, orzamento e programa do concurso de ensino e entretemento matemático.

Apróbanse as bases, o programa e un orzamento de 2.887,26 euros.

20.- Aprobación do orzamento e programa de Correlíngua 2010.

Apróbase un orzamento de 7.100 euros.

21.- Aprobación das bolsas de comedor para o alumnado de centros docentes públicos e privados para o curso 2010/2011.

Apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria para o curso 2010/2011. A convocatoria publicarase no BOP e o prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do seguinte á publicación. Importe destinado: 70.000 euros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á adxudicación dos cursos de formación do persoal do Concello.

Adxudícase á entidade SFG Servizo de Formación Galego, SC a execución do curso "excarcelación en accidentes de tráfico" por importe de 16.800 euros.

23.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do gasto para o rediseño e actualización da páxina web do proxecto Urbana Santiago Norte.

Apróbase un gasto de 14.848 euros.

24.- Aprobación do orzamento das festas da Ascensión 2010.

Apróbase un orzamento de 226.140 euros, dos que 29.000 son aportación do Xacobeo e 197.140, do Concello.

25.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á adxudicación do servizo de atención domiciliaria da infancia.

Adxudícase o contrato por importe de 17.999 euros á empresa CLECE, SA.

26.- Fondo Estatal para o Desenvolvemento e Sostibilidade Local 2010.

- Adxudícase definitivamente o contrato das obras de división da rede unitaria de saneamento e ampliación de abastecemento na rúa Ulpiano Villanueva, incluída no FES 2010, á empresa AQUAGEST, S.A., por importe de 116.300 euros máis IVE.

- Adxudícase definitivamente o programa de acceso á sociedade do coñecemento e da información na Casa do Asociacionismo Veciñal de Cornes á empresa TECNOCOM por importe de 57.072 euros.

- adxudícase definitivamente o contrato de dirección facultativa das obras de substitución tecnolóxica da rede de auga e alumeadado público, recollida selectiva de lixo e mellora vial na rúa Arzúa (Almáciga) á empresa PROYFE, por importe de 27.800 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á contratación de persoal para o departamento de Intervención.

Acórdase contratar un traballador con categoría de auxiliar administrativo durante un ano co obxecto de desenvolver o programa consistente en tarefas de auxilio e colaboración co persoal técnico na implantación da nova estrutura orzamentaria que se deriva da entrada en vigor da orde EHA/3565/2008.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado do de obras de urbanización da UX-16. Santas Mariñas.

Apróbase o proxecto.

29.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a "Fundación Europea para la Sociedad de la Información y la Administración Electrónica".

Dáse conta do devandito convenio polo que se instalarán 6 oficinas en diferentes centros socioculturais da cidade para facilitar á cidadanía o acceso e a realización de trámites municipais a través de internet.

30.- Dar conta da recuperación dos catro ordenadores roubados no Centro Sociocultural de Marrozos.

Dáse conta da recuperación.

31.- Dar conta da concesión dunha subvención para o proxecto "Encuentro: Santiago vive Europa".

Dáse conta da devandita subvención por importe de 3.000 euros.

URXENCIAS

1.- Adxudicación definitiva das obras de saneamento da conca do río Aríns.

Apróbase a adxudicación definitiva á empresa MISTURAS das obras correspondentes á 3ª e última fase do saneamento da conca do río Aríns por importe de 150.000 euros.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude dunha subvención para o obradoiro COMPOSTELA DIXITAL, e outros extremos.

Solicítase a devandita subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

3.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á prorrogas da prestación de servizos temporais en Benestar Social.

Acórdase a prórroga dos servizos de dúas traballadoras por dous meses e quince días.

4. Mantemento vías e beirarrúas.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación de:

- mantemento de vías, por importe de 2.100.000 euros e un prazo de execución de 9 meses.
- mantemento de beirarrúas, por importe de 510.000 e un prazo de execución de 9 meses.